

ÁLBUM

DE ADIVIÑAS E REFRÁNS

CURSO 2014-2015

CEIP PÍO XII
SANTIAGO

Equipo de Dinamización Lingüística

FROIÇOS DE OUZOÑO

REDONDIÑA E MORENIÑA,
UN POUCO ESMAGADA,
PÓDELA COMER CRÚA
E TAMÉN COCIÑADA.

(CASTAÑA)

SON REDONDA COMO O
MUNDO,
PARA MORRER TODA ME
ESGAZAN,
DÉIXANME SÓ O PELEXO,
E TODO O ZUME ME SACAN.

(UVA)

ALTO VIVO,
MÍRAME A XENTE,
SE ME RÍO,
CÁESEME UN DENTE.

(OURIZO)

QUE COUSIÑA É,
QUE NA CABEZA TEN O PÉ?

(CABAZA)

“As verzas en outono, comen ao dono” 1

FROIZOS DE OUZONO

AVE TEÑO DE NOME,
DE LÁ O REVESTIMENTO,
O QUE NON ADIVIÑA,
NON TEN DISCORREMENTO

(AVELA)

ALTA ESTOU,
LADRÓN VEXO VIR,
DO MEU CARAPUCHIÑO,
NON PODO FUXIR.

(CASTANA)

ARQUIÑA PECHADA,
QUE TEN QUE COMER,
E NO MUNDO ENTEIRO,
NON HAI CARPINTEIRO,
QUE A POIDA FACER.

(ZON)

UNHA VELLA CARCOMIDA,
TIVO UN FILLO
ENREDADOR,
MOITOS FILLOS
CALADIÑOS,
MÁIS UN NENO FALADOR.

(CEPA, UVAS E VINO)

2

“As castañas que quedan no souto
son do moucho”

FROIZOS DE OUZONO

NO VERÁN AGÓCHASE
NO CHAN,
NO OUTONO ESPABILA O SONO,
ÁS VECES VERMELLO É
O SEU SOMBREIRO,
PERO NON É CABALEIRO,
SE A QUERES COMER,
COIDADIÑO AS DE TER...

(COGUMELO)

ALA ENRIBA ESTOU,
NUN ANACO CAEREI,
TI NON ME TOQUES,
OU TE MANCAREI.

(OURIZO)

A MAN RÓMPEAS,
O PÉ TRITÚRAAS,
A BOCA BÉBEAS.

(UVA)

PODO SER GRANDE OU
PEQUENEIRA,
ESTOU DE ADORNO
OU NA NEVEIRA,
SON LARANXA PERO NON
DA LARANXEIRA,
QUE SON?

(CABAZA)

“Polo nadal as castañas asadas
saben ben e pártense mal”

FROIZOS DE OUZONO

ALTO ESTOU
COR DE OURO TEÑO
E POR UNHA RISOTADA
PERDO O QUE TEÑO

(OZIRNO)

ALTOS PAIS,
CAPELUDAS NAIS,
OS FILLOS INCHA FOLES,
ADIVIÑA TI SE PODES.

(CASTAÑA)

CEN FILLOS TEN E A TODOS
CON LEITE MANTÉN

(FIGUEIRA)

NON TEÑO CABEZA
PERO LEVO SOMBREIRO

(COGUMELO)

4 “Cogumelo murchado, xa derramado”,

FROIZOS DE OUZONO

ALTO PIMPÍN,
RUÍN CABALEIRO,
RÓMPELLE A BOLSA,
E CÁELLE O DIÑEIRO.

(OZIRNO)

SON DE COR CHOCOLATE
E ABLÁNDASE COA CALOR
E SE AS METEMOS NO FORNO
EXPLOTAN CON FUROR.

(CASTANA)

QUE SERÁ QUE NON SERÁ
QUE PRIMEIRO É VER
E DESPOIS É ZAS!

(VERZAS)

ALTA ESTOU
LADRÓN VEXO VIR,
DO MEU CARAPUCHO,
NON PODO FUXIR.

(LANDRA)

“San Migueliño das uvas maduras
moito me tardas e pouco me duras”

AUN FATO DE SEÑORAS,
MEXA UNHA MEXAN TODAS

(AS PINGUEIRAS)

QUE ANIMAL
COME COS PÉS NA CABEZA?

(PILOLO)

SE ME QUERES TER,
NO CUCURUCHO
TERÁSME QUE COLLER;
PERO XEADO NON SON
PORQUE O OUTONO
É A MIÑA ESTACIÓN

(CASTAÑAS ASADAS)

DE DÍA TRACA TRACA
E DE NOITE NA CAMA

(ZAPATOS)

TEN UN DENTE
E TIRA POLA XENTE

(A CAMPÁ DA IGREXA)

PÍNGUELE, PÍNGUELE
ESTABA PINGADO.
FÚNGUELE, FÚNGUELE
ESTABA FUNGADO
SE PÍNGUELE, PÍNGUELE
NON PINGABA
FÚNGUELE, FÚNGUELE
NON FUNGABA.

(XABARÍN DEBAIXO DO CASTIÑEIRO)

VEÑO DESPOIS DO VERÁN,
CHEGO ANTES QUE O INVERNO;
GÚSTAME XOGAR COAS FOLLAS
AXUDADO POLO VENTO

(O OUTONO)

ESTÁ NA NAVALLA,
ESTÁ NO CADERNO;
CAE DA ÁRBORE
ANTES DO INVERNO

(A FOLLA)

“Outono bonito, folliñas no chan
castañas asadas, que ricas están”

○ ZEMPO NO OUZONO

CAIO E CAIO
PERO NON ME MANCO;
MOLLO PERO NON BAÑO

(VAIOHO V)

SILVA SEN BOCA,
CORRE SEN PÉS,
PÉGACHE NA CARA
E NON O VES

(OLNEA O)

ABRE COMA UN FUNGO
CANDO CHOVE,
COMA UN BASTÓN
QUEDA CANDO
NA CASA O TÉS

(PARAUGAS)

LUME TENME MEDO,
AS PRANTAS
QUÉRENME BEN,
LIMPO TODO O QUE TOCO,
TÓMASME SE SEDE TES.

(AUGA)

TEÑO ÓSOS
PERO NON TEÑO
MÚSCULOS, QUEN SON?

(O ESQUELETO)

BEBE BEBIDA VERMELLA
NUNCA LIMOADA,
O ALLO DALLE NOXO
E A LUZ
NON LLE GUSTA NADA.

(VAMPIRO)

É UN MEDIO
DE TRANSPORTE,
NON É COCHE,
BARCO NIN AVIÓN.
LEVA AS BRUXAS AO NORTE
E BÁRRELLE A MANSIÓN,
QUEN SON?

(VASOIRA)

O MEU AVIÓN
É UNHA VASOIRA.
NUNHA NEGRA E FEA
ME VERÁN,
PERSIGO SEMPRE AS FADAS
QUE AO VERME
SEMPRE ESPANTARÁN.

(BRUXA)

“Polo samaín as meigas veñen a mín
e asústanme sen fin”

TODO CUBERTO,
CUN TRAXE BLANCO,
CANDO APAREZO,
A TODOS ESPANTO.

(PANTASMA)

SON UNA VELLA MOI FEA,
CHEA DE MALAS ACCIÓNS,
MONTADA VOU
NA MIÑA ESCOBA,
EN BUSCA DE SENSACIÓNS.

(BRUXA)

DURANTE A NOITE SAE,
POLO DÍA NON O VES,
QUE ANIMAL DIRÍAS QUE É?

(MUCHO)

POLO AIRE VAN
TRANSPASAN PAREDES
SE NON TEDES MEDO
NON OS VEREDES
ESCAPADE NENOS,
ESCAPADE DELES.

(PANTASMA)

ENTRE PÓCIMAS
E BREBAXES,
E ALGÚN QUE OUTRO
MALEFICIO,
SER A MALA DOS CONTOS,
SEMPRE FOI O SEU OFICIO.

(BRUXA)

NUNCA BEBE LIMOADA,
SE NON UN
LÍQUIDO VERMELLO,
A LUZ NON LLE GUSTA NADA,
E DALLE NOXO O ALLO .
QUEN É?

(DRACULA)

O QUE O FAI
NON O QUERE.
O QUE O COMPRA
NON O USA,
E O QUE O USA
NON O VE.

(ATUDE)

AS SABAS DE ALGODÓN
CHÉGANLLE POLO NOCELLO
A ESTE TIPO TAN ROSMÓN
SEMPRE O VEXO
NO CASTELO.

(PANTASMA)

“Se en novembro , non es quen de divertir,
colle unha cabaza e bótate a rir ” 11

REFRANS

O que non sabe mañas
non come castañas.

San Migueliño das uvas maduras,
Moito me tardas e pouco me duras

Castañas, noces e viño
fan as delicias do San Martiño.

Polo San Martiño
andan as noces a roliños

As castañas no magosto
teñen bo gosto.

Polo Pilar
as primeiras castañas has de asar.

A castaña que está no camiño,
é do veciño.

O TEMPO

Outubro a chegar, porquiño a cebar.
En outubro, saben as uvas, porque hai poucas ou ningunha.
A lúa de outubro a sete cubre, e se chove, a nove.
Cando chove e fai sol, o arco da vella asoma o fol.
Por Santa Lucía comeza a medrar o día.
Polo nadal, vai ver o teu nabal.
Verán de San Martiño, son tres días e un pouquiño.
Outono quente, leva o demo no ventre.
Outono chuvioso ano copioso.
Auga de agosto, nin bo viño, nin bo magosto.
Calor en xullo castañas seguro.
Outono bonito, folliñas no chan, castañas asadas, que boas están.

XOGOS

Polo San Martiño trompos ao camiño.
Polo San Amaro, trompos ao fiado.
Polo San Andrés, trompos nos pés.

Outono ao chegar porquiño a cebar.
Polo San Martiño, colle o teu porco polo fuciño.
A todo porco lle chega o seu san martiño.
No mes dos mortos, mata os teus porcos.


MATANZA




VASOIRA



PARAUGAS



NOZ



LANDRA



VERZAS




OUTONO



FOLLA




CASTANAS ASADAS



CEPA, UVAS E VINO



FIGUEIRA




OURIZO



PANTASMA



COGUMELO




CASTAÑA



UVAS



CABAZA



ZAPATO



PIOLLO



DRACULA



CASTAÑA



CABAZA



CASTAÑA



BRUXA




BRUXA



FANTASMA



CAMPÁ DA IGREXA



ATAUDE



O XABARÍN DEBAIXO DO CASTIÑEIRO




FANTASMA



VENTO



PINGUEIRAS




AVELÁ



COGUMELOS



MOUCHO



UVAS




ESQUELETO



CHOIVA




OURIZO



OURIZOS



DRACULA




AUGA



BRUXA



CASTAÑA



OURIZO